



Obradoiro “Informe e contrainforme de avaliación da testemuña”

DOCENTE

Ramón Arca Fernández (M-32446).

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Lucía Monroy Fernández (G-4906) e M^a Dolores Seijo Martínez (G-2035).

DURACIÓN

10 horas (8 horas de asistencia presencial e 2 horas de traballo autónomo tutorizado).

DATA E HORARIO

Sábado, 13 de decembro de 2025.
De 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.

LUGAR

Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

PRAZAS

30.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.....	40,00€
Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao, master ou doutoramento en psicoloxía.....	25,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....	50,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....	100,00€

*Neste curso podes optar ás 4 prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_a_formacion_para_colexiados.pdf



Obradoiro “Informe e contrainforme de avaliación da testemuña”

PROGRAMA

1. Rol do perito no sistema xudicial e na avaliación do testemuño.
2. Ética e responsabilidade do perito.
3. Criterios de valoración da proba forense: Saubert, legais e xurisprudenciais e científicos.
4. Hipóteses Undeutsch e avaliación do testemuño.
5. Obtención da proba: validez xudicial e validez forense.
6. Métodos forenses de obtención da proba.
7. Modelo de avaliación da realidade da memoria: SRA.
8. Modelo de avaliación da credibilidade do testemuño: SVA.
9. Modelo de avaliación de memorias de feitos vividos: SEG.
10. Contrainforme: valoración de modelos nos criterios de valoración da proba forense.

OBXECTIVOS

- Comprender as competencias do profesional da psicoloxía como perito xudicial.
- Coñecer a responsabilidade ética e profesional do/a psicólogo/a como perito.
- Entender o procedemento de avaliación da memoria de feitos vividos.
- Coñecer o procedemento dun contrainforme dunha proba psicolóxica forense.

METODOLOXÍA

Clase expositiva, exemplificación e aplicación a casos prácticos. Facilitarase ás persoas participantes material específico para un correcto seguimento do obradoiro. Solicitarase un exercicio práctico vinculado coas competencias adquiridas no obradoiro que será titorizado polo docente e auxiliado pola coordinadora do curso.



Obradoiro “Informe e contrainforme de avaliación da testemuña”

DOCENTE

RAMÓN ARCE FERNÁNDEZ (M-32446)

Catedrático de Psicoloxía Xurídica e Forense na Universidade de Santiago de Compostela.

É Director da Unidade de Psicoloxía Forense, centro para a transferencia do coñecemento científico xerado polo grupo de investigación GI-1754, onde exerce como psicólogo forense. Presidente da Sociedade Española de Psicoloxía Xurídica e Forense (SEPJYF). Os seus temas de investigación abranguen a Psicoloxía Xurídica (por exemplo, testemuño, formación de xuízos, avaliación forense, delincuencia xuvenil e adulta, vitimización) e Comunitaria (por exemplo, programas de intervención, avaliación de programas e intervención, drogas).

Publicou máis de 140 artigos en revistas con revisión por pares, máis de 200 libros e capítulos de libros, e contribuíu con máis de 500 participacións (comunicacións, relatorios, conferencias, simposios, mesas redondas) en congresos e eventos científicos. Pola súa actividade científica, foille recoñecido un total de 6 sexenios de investigación e posúe un índice H de 32. Obtivo financiamento para a investigación en concorrencia competitiva de forma continuada desde 1989. A súa traxectoria investigadora foi recoñecida cos Premios Nacionais de Investigación Educativa (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte) nas edicións de 2003 e 2004, así como co Premio Emilio Mira i López en Psicoloxía Xurídica (1987).

É editor Xefe da revista The European Journal of Psychology Applied to Legal Context (Q1 no JCR). Entre as técnicas creadas froito da investigación destacan, para a avaliación forense, a entrevista clínico-forense e o Sistema de Avaliación Global, e, a nivel sociocomunitario, o Programa de Galicia para a Reeducación de Maltratadores, un programa de intervención penitenciaria na comunidade.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o obradoiro entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 5 de decembro de 2025.